



PLAN DIXITAL

CPI Virxe da Saleta

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

O noso centro educativo, o Centro Público Integrado “Virxe da Saleta”, está situado na Costa, ó suroeste da vila medieval de Cea, a 42º 32' de latitude norte, 7º 55' de lonxitude oeste, e a 524 m. de altitude, no concello de San Cristovo de Cea, localizado ó noroeste da provincia de Ourense, a 24 km. da capital pola estrada N-525 Zamora-Santiago. Atopámonos ó lado dun tramo do Camiño de Santiago - Vía da Prata.

As terras do Concello, que ocupan 71 km², limitan ó norte cos concellos de Rodeiro (Pontevedra) e Carballedo (Lugo); ó sur cos de Amoeiro, Maside e O Carballiño; ó leste, cos de Carballedo (Lugo) e Vilamarín (Ourense); e ó oeste, cos do Carballiño e Piñor (Ourense). Estas terras compóñense de rochas antigas paleozoicas, sobre todo graníticas. Xeolóxicamente pertence ó Macizo Central Francés, do substrato da meseta ibérica peninsular.

A orografía municipal está determinada pola fractura do pregamento hercínico na dirección NE e SO. As principais alturas son: a Serra Martiñá (1.039 m.), Alledo (1.011 m.), A Gateira (988 m.), Pena Carballosa (953 m.) e Campo da Portela (947 m.), e nelas orixínanse os seguintes regatos: Bubal, Cando e Ramil, Ricovelo, Texo ou Anceo, San Bieito, Silvaboa, Oseira e Fervenza, que levan as augas ó Arenteiro, afluente do Avia, á vila do Carballiño, partido xudicial ó que pertence o Concello de San Cristovo de Cea.

O clima, dentro da área oceánica, encádrase no clima suboceánico das depresións. É benigno, bastante húmido no inverno, con temperaturas medias que oscilan entre os 8º e os 20º, e con precipitacións medias anuais entre os 2.000 e 2.500 mm³.

O Concello está formado polas parroquias de: Castrelo, Cea, Cobas, Longos, Mandrás, Oseira, Pereda, San Fagundo, San Martín de Lamas, Souto, Vales, Vilaseco e Viña, cunha poboación total de 3081 habitantes (a novembro de 2004).

A parroquia de San Cristovo de Cea, Arciprestado e Diócese de Ourense, consta das seguintes aldeas: Lama, Fondo de Cea, Igrexa (coa igrexa parroquial) e Cea, capital do municipio, con dúas capelas: a da Saleta, construída nun complicado estilo neogótico e lugar de celebración na súa honra das festas principais da vila (o domingo seguinte ó 20 de setembro), e a do Santo Cristo, no centro da vila.

A casa do Concello encóntrase ó sur da Praza Maior e ten forma circular. No centro érguese a espléndida torre de pedra con catro canos de auga natural, especial para a elaboración do pan artesanal, e catro tanques que sustentan o airoso reloxo de catro esferas que descobre os catro puntos cardinais. Foi rematada no ano 1928.

As orixes históricas atópanse reflectidas amplamente no libro Historia da Catedral de Ourense, e na documentación do último terzo do século xiii (anos 1284-1295) da correspondente Era Hispánica do Mosteiro Cisterciense de Santa María a Real de Oseira.

O Concello conserva restos:

- Prehistóricos: mámoas, guerreiros, castros, dolmens, machados.
- Históricos: vía romana, ruta do Camiño de Santiago, berce dos Santos Mártires San Fagundo e San Primitivo, e o mosteiro de Sta. María a Real de Oseira, centro de difusión cultural dende a súa fundación no século XII.

Así mesmo, tamén conserva restos de distintos estilos arquitectónicos, dende o románico ó neoclásico: igrexas, capelas, pazos, pontes, petos de ánimas, cabaceiros, Eirado Alto (único na rexión con cabaceiro en ángulo recto), cruceiros, escudos, fontes, lavadoiros, muíños de río, etc.

No ámbito relixioso, existe unha variedade de advocacións á Virxe María e a outros santos como: S. Bieito do Maraño, S. Brais, Sta. Olaia e Sta. Águeda.

Na toponimia atópase unha gran variedade de termos procedentes dos suevos, iberos, etruscos, prerromanos, celtas, helénicos, romanos, xermanos, árabes, das dependencias dos solos, da xeografía, da flora e fauna rexional, da man do ser humano, das comunicacións, das construcións, de nomes xenéricos, de advocacións relixiosas, de fundadores de poboados e de nomes compostos ou derivados que expresan calidades.

A localidade onde se atopa o noso centro é coñecida pola fabricación artesá do “pan de Cea”. O primeiro documento que fai referencia a este pan é un *Privilexio do Rei de Castela*, Sancho IV, no século xiii, no que lle concede ó mosteiro dos monxes de Oseira a celebración duna feira mensual na que se podían realizar transaccións comerciais de trigo e outros cereais.

Na actualidade están a funcionar uns quince fornos artesáns que elaboran pan que se distribúe na bisbarra e no resto de Galicia. Recentemente foi recoñecido coa denominación “Indicación Xeográfica Protexida”.

O noso alumnado procede maioritariamente dos concellos de Cea e de Piñor, e excepcionalmente dos de Maside, Vilamarín e Dozón.

Os servizos do Concello de Cea son os seguintes: alcalde e corporación, secretario, xulgado de paz, asistente social, Garda Civil, dúas farmacias, centro de saúde, residencia da terceira idade, entidades financeiras varias, asesoría, mutualidade de seguros, e outros coma: postes televisivos, piscina municipal, asociacións veciñais, iluminación pública, abastecemento de augas, rede de sumidoiros e recollida de lixo.

No ámbito cultural e deportivo, a vila de Cea tamén conta con biblioteca municipal, oficina de Información Xuvenil, Museo Etnográfico Privado, convenio Concello-INEM-UXT Galicia, Asociación cultural “Bandas e Danzas de Cea”, estudo escultórico, campo de fútbol, cos equipos deportivos Cea xuvenil e sénior, polideportivo e albergue de peregrinos.

Existen comunicacións por terra con liñas regulares de autobuses, taxis, oficina de Correos, central telefónica e correspondentes de prensa. Está proxectado o remate da autoestrada Santiago de Compostela -Ourense, que terá un enlace no Concello de Piñor, a uns seis quilómetros de Cea.

O Concello de Piñor, do cal procede entre o 30% e o 40% do alumnado do Centro, conta cos seguintes servizos: alcalde e corporación, secretario, xulgado de paz, asistente social, farmacia e centro de saúde, así coma oficina de Información Xuvenil, asociación veciñal, iluminación pública, abastecemento de auga, rede de sumidoiros e recollida de lixo.

Chégase a este Concello por unha estrada local e ten liñas regulares de autobuses e taxis.

O Centro consta de tres edificios:

- **Edificio 1:** trátase dun edificio que une a parte máis antiga do colexio e o novo anexo edificado para acoller o alumnado de educación secundaria. Componse de dúas plantas e baixo e nel funcionan catro aulas de educación secundaria, a aula de tecnoloxía, a aula de música, dúas aulas de informática, o laboratorio, o despacho do departamento de orientación, dous departamentos comúns para o resto das áreas, un espazo para titorías, a aula de pedagogía terapéutica, unha aula de desdobres, dous servizos operativos para os alumnos/as e outros dous para profesores/as (adaptados para minusválidos/as), así como dous servizos no edificio antigo inutilizados. Por último, cómpre salientar que o edificio conta cun ascensor.
- **Edificio 2:** está situado cara ó centro da parcela e é chamado tamén *edificio principal*, polo feito de que nel se atopan dependencias como a dirección, a xefatura de estudos, a secretaría, a biblioteca (tamén lugar de reunións) e a sala de profesores/as.
Ten dúas plantas e encóntranse nel toda a educación primaria, a aula de idiomas, catro baños para alumnos/as e dous para profesores/as. Anexo a este atópase o ximnasio, o comedor (sala de usos múltiples) e a cociña. Tamén ten o seu ascensor.
- **Edificio 3:** ó igual cós outros, consta de dúas plantas e nel atópanse as tres aulas de educación infantil, unha aula de audición e linguaxe, unha aula de pedagogía terapéutica e dous aseos para alumnos/as na planta baixa e dous na primeira planta. Ademais, hai dous baños na primeira planta para o profesorado.

BIBLIOTECA

A biblioteca do centro está ó servizo da comunidade educativa e pode empregarse como un instrumento máis que facilite o labor pedagóxico e de docencia.

Contén arredor de seis mil novecentos cincuenta volumes rexistrados, que abranguen dende enciclopedias xerais e temáticas, dicionarios de varias linguas, manuais, ata coleccións de cómics e libros de lectura en galego e castelán para educación infantil, primaria e secundaria. Tamén posúe libros en inglés e francés, así como material pedagóxico diverso para o ensino das linguas estranxeiras. Consideramos que este fondo bibliográfico é abondo importante para prestar un servizo axeitado ó alumnado e á comunidade educativa en xeral.

Na actualidade hai un profesor encargado da biblioteca e un equipo de profesores/as que dedican algunhas horas de garda ó traballo da biblioteca. A súa función consiste en organizar a distribución dos libros nos andeis, fichar e rexistrar os volumes que van entrando e realizar a informatización dos fondos bibliográficos. Esta tarefa lévase a cabo introducindo nunha base de datos, creada para tal fin, a información contida no libro de rexistro. A día de hoxe están informatizadas referencias de tres mil setecentos libros.

A biblioteca funciona en horario lectivo e todos os profesores/as que o desexen poden acudir cos seus alumnos/as, sempre que o recinto estea libre,

para realizar traballos, consultas, elixir libros de lectura ou calquera outra actividade didáctica. Os alumnos, tanto os de educación primaria como os de secundaria, poden ir na hora de lecer (recreos) de luns a venres, e polas tardes (recreo de comedor) para coller en préstamo algún libro de lectura ou realizar consultas.

Os alumnos de educación infantil e de educación primaria dispoñen tamén dunha “biblioteca de aula” ó cargo da súa titora ou titor.

Na biblioteca hai catro ordenadores para o uso escolar. No recinto da biblioteca, tamén se celebran reunións (Claustros, Consello Escolar, etc), procurando respetar o horario da biblioteca.

A traves dun plan de mellora da biblioteca que se solicitou no curso 2007-2008, pretendemos mellorar o servizo da biblioteca, tanto na dotación de material bibliográfico, mobiliario novo e novos equipos informáticos, para convertila nun espazo de información e documentación para a comunidade educativa.

No curso 2009-2010, ampliouse a biblioteca, engadindolle unha aula que esta anexa a mesma, co conseguimos dobrar o espazo da mesma. No curso 2021-22 fixemos a migración do sistema Meiga ao Koha e redecoramos os diferentes espazos. Queremos converter á biblioteca no espazo central do acto educativo.

No curso escolar 2010-2011 houbo un incendio no edificio de educación de primaria, isto afectou a todas as aulas, en especial a biblioteca. O mobiliario e os libros están totalmente afumados e o coordinador da biblioteca está a traballar para que poida utilizarse o servizo da biblioteca o antes posible. Mentres tanto o coordinador, propón alternativas para que o alumnado teña acceso ao préstamo de libros, facendo socios aos alumnos/as da biblioteca do multiusos do concello de Cea.

AULAS DE INFORMÁTICA

Unha aula está situada no primeiro andar do edificio de secundaria. Está dotada con catorce ordenadores para uso dos alumnos e un de uso exclusivo do profesor/a, dende o cal pode dirixir e controlar o resto dos aparatos da aula. Este último ordenador actúa a modo de servidor e ten conectados un cañón dixital, a impresora e o escáner, ós que poden acceder ós alumnos/as a través da rede.

Á hora de confeccionar o horario desta aula de informática, teñen prioridade a materia de Informática; a partir de aí, os distintos cursos e departamentos que fagan reserva dunha hora.

Outra está situada no segundo andar do edificio de secundaria. Está dotada con 21 ordenadores para uso dos alumnos e un de uso exclusivo do profesor/a, dende o cal pode dirixir e controlar o resto dos aparatos da aula. Este último ordenador actúa a modo de servidor e ten conectados a impresora e o escáner, ós que poden acceder ós alumnos/as a través da rede.

Destacar o obsoleto dos equipos informáticos, sendo moitos de 2006, cos conseguintes problemas que dan diariamente e que dificultan sobremaneira, as clases.

Á hora de confeccionar o horario desta aula de informática, teñen prioridade as materias de Plástica e Linguas Estranxeiras (ESO); a partir de ahí, os distintos cursos e departamentos fan reserva dunha hora.

XIMNASIO

Non é unha dependencia moi grande; ten vinte metros de longo no seu lado máis longo, está ben acondicionada, salvo a calefacción por aerotermos que non quenta o suficiente e fai que teña unha mala acústica. A isto hai que engadir o seu uso como patio cuberto para os nenos/as de primaria cando chove, oa súa conseguinte deterioración, que inflúe tamén no resto de clases do día. Posúe material deportivo, a maioría en bo estado, que se vai renovando e axeitando ás necesidades. Conta con vestiarios masculino e feminino con duchas de auga quente, que os alumnos/as utilizan á fin das clases de Educación Física.

PISTA POLIDEPORTIVA CUBERTA

É unha pista de cemento cuberta (ata que pasa a época de frío é imposible dar clase nela) que ten pintadas as liñas dos campos regulamentarios dun polideportivo. Non está dotada de material, salvo dúas porterías e dúas canastras. Esta pista úsase para dar algunhas clases de Educación Física e tamén para que os alumnos poidan xogar no tempo de lecer do mediodía, facendo quendas dende o 3º ciclo de Primaria ata 4º da ESO. No curso pasado dotouse a instalación de vestiarios.

LABORATORIO DE CIENCIAS E FÍSICA E QUÍMICA

A partir do curso 2008-2009 o laboratorio queda instalado no segundo andar do edificio de secundaria, co fin de mellorar o espazo para impartición das clases de prácticas de laboratorio.

Esta aula dispón de cinco mesas de laboratorio, así como de cinco armarios onde se garda o distinto material empregado nas prácticas. En canto a este material hai bastantes aparatos e utensilios para a realización de prácticas de Bioloxía e de Física e Química. Contamos tamén con coleccións de rochas, minerais e fósiles, así como con cinco microscopios bastante aceptables.

AULA DE TECNOLOXÍA

O taller de Tecnoloxía consta de cinco mesas de traballo para grupos e unha mesa de traballo común onde están instalados a cizalla e un taladrador de pé. Hai tamén dúas mesas que dispoñen de fontes de alimentación eléctricas para prácticas de electricidade, así como un ordenador con impresora e diverso material de tecnoloxía: equipos eléctricos, mecánicos, pneumáticos, etc.

A partir do curso 2008-2009 queda instalado un espazo de aula anexo o taller, co fin de mellorar a impartición das clases da materia de Tecnoloxía. Tamén se dotara dun pequeno almacén para material de traballo na aula.

Así mesmo a parte do espazo máis húmido e que carece de luz natural e de ventilación, se separara da aula cunha parede e se convertira en almacén para o mobiliario escolar do centro.

PLÁSTICA E VISUAL

Dende o curso 2009-2010, a aula de plástica queda instalada no segundo andar do edificio de secundaria, co fin de mellorar o espazo para impartición das clases de prácticas e os correspondentes trastornos que supón o traslado dos alumnos/as dende o edificio de secundaria, ademais do problema que implica mesturar alumnos de tan diversas idades (p.ex., os servizos, que son moi pequenos).

Está dotada con vinte mesas de debuxo cos seus tallos, e ten armarios de parede para gardar o material específico. Con respecto a este, pódese dicir que está suficientemente equipada. Existe un tórculo para traballar co grabado.

Nesta aula non hai un aseo que precisáa para que o alumnado puidese lavar as mans despois das actividades manuais e non tivese que saír da aula e ir ata o cuarto de baño.

AULA DE MÚSICA

A aula de música está situada no edificio vello. É o resultado da fusión de dúas aulas antigas, polo que a superficie de que dispón é suficiente para desenvolver actividades de movemento e danza, expresión instrumental e outras actividades máis estáticas que requiren espazo para sentarse. Está dividida en tres zonas: a zona anterior, con cadeiras con raqueta para todos os alumnos; a zona media, con mesiñas para poder usar instrumentos de percusión de altura determinada, e a zona posterior, completamente libre de obstáculos para desenvolver actividades de movemento, danza e creatividade en grupo.

Está bastante ben dotada en canto a material: piano, equipo de son, ordenador, cañón dixital instrumental de percusión de altura determinada e altura indeterminada, así como un gran número de materiais didácticos que en cada curso se amplía e repón periodicamente.

Deste espazo benefíciase todo o alumnado que ten música: dende educación infantil ata 4º da ESO.

Sería desexable aumentar a insonorización do local para evitar molestias ás aulas veciñas.

Esta aula que a máis grande do centro utilízase tamén para diferentes actividades nas que participan un número elevado de persoas da comunidade educativa (conferencias, visionado de películas, representacións teatrais, musicais e outras), xa que non dispoñemos de un salón de actos no centro.

AULA DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA DE INFANTIL E PRIMARIA

Dende o curso 2009-2010 aula de pedagogía terapéutica de infantil e primaria quedou instalada no segundo andar do edificio de Infantil, co fin de mellorar o espazo para impartición das clases. É unha sala ampla e luminosa que conta cun bo equipamento específico tanto didáctico como de medios audiovisuais e informáticos, que se vai actualizando cada curso con novas adquisicións, e que permite levar a cabo unha metodoloxía activa de traballo.

Trabállase na aula de Apoio con aqueles/as alumnos/as diagnosticados e valorados polo Departamento de Orientación que necesitan unha atención máis personalizada, desenvolvendo Programas de Reforzo Educativo e/ou Adaptacións Curriculares en colaboración e coordinación cos titores/as.

O apoio realízase de forma individual e/ou en pequenos grupos internivel ou interciclo, en función das necesidades, características e idade do alumnado, podendo levarse a cabo dentro ou fora do grupo-aula, segundo as circunstancias o aconsellen e a dispoñibilidade horaria o permita. Cos mesmos criterios e establece o número de horas de apoio, tendo en conta sempre a prioridade de acadar a maior integración posible do alumnado.

De forma xeral participan de apoio unha media de dez alumnos cada ano escolar.

AULA DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA DE SECUNDARIA

A aula de Pedagogía Terapéutica en Secundaria funciona en réxime aberto, asistindo os alumnos en algunhas materias ou áreas, permanecendo o resto do seu horario escolar no curso que lle corresponde.

Os alumnos que asisten teñen necesidades educativas especiais que dificultan a súa atención dentro do grupo-clase. Cada un deles ten unha programación individual elaborada tendo en conta as dificultades que presenta. A valoración psicopedagóxica é realizada pola xefa do Departamento de Orientación.

Este aula está ubicada no segundo andar do edificio de Secundaria e conta con material necesario para axudar ós alumnos nas súas dificultades, fundamentalmente Cadernos de Recuperación de lectoescritura, estratexias de cálculo e resolución de problemas, habilidades lingüísticas, procesos de atención, velocidade e comprensión lectora, orientación espacio-temporal, etc.

AULA DE AUDICIÓN E LINGUAXE

Esta aula esta situado no edificio de E. Infantil, funciona en réxime aberto con menos horas das desexables, xa que o profesorado ten actualmente 1 día de itinerancia a outro centro da comarca.

Os alumnos distribúense segundo prioridade, aínda que potenciándose a necesidade dos alumnos de infantil e do 1º ciclo de Primaria. A aula está dotada do necesario.

Dende o curso 2010/2011 a aula de pedagogía terapéutica de primaria foi dividida en dúas aulas nas que se situaron a propia aula de pedagogía terapéutica e a aula de audición e linguaxe. Deste xeito unha aula demasiado grande foi aproveitada para ter dous espazo de traballo independentes suficientemente grandes e ben dotados para o traballo. Ademais, o espazo anteriormente ocupado pola aula de audición e linguaxe foi aproveitado para ter

uns baños na primeira planta e así que o alumnado de 5 anos non tivese que baixar e subir escadas cada vez que fose ao baño.

AULA DE IDIOMAS DE PRIMARIA

Dende o curso 2009-2010, a aula de idiomas de primaria quedou instalada no segundo andar do edificio de primaria, co fin de mellorar o espazo para impartición das clases. Este aula está ubicada na planta alta do edificio de primaria e conta con material necesario para axudar ós alumnos/as na materia de Lingua Estranxeira de Primaria. Existe un ordenador, un televisor, un dvd, biblioteca de aula, pizarra dixital e diverso material bibliográfico.

A aula de idiomas de primaria funciona en réxime aberto, asistindo os alumnos nas materias ou áreas antes mencionadas, permanecendo o resto do seu horario escolar na aula que lle corresponde.

Ademais esta aula é utilizada como lugar de reunións (C.C.P., xuntas de avaliación, conversas dos sindicatos, conversas con representantes comerciais, proxección de películas o alumnado no periodo de lecer e outras que fora necesario realizar), sempre serían fora do horario lectivo das mencionadas materias.

AULAS DE EDUCACIÓN INFANTIL

Estas aulas están ubicadas na planta baixa e no primeiro andar do edificio de infantil e conta con material necesario para axudar ós alumnos/as nas diferentes áreas. Sempre atendendo as necesidades do alumnado, as clases distribuiranse da seguinte maneira: Cando haxa dúas unidades, na planta baixa. Cando haxa tres unidades, a aula de cinco anos será sempre a da planta superior do edificio de infantil (sempre e cando non haxa ningún alumno/a con necesidades físicas que lle impida subir as escaleiras, nese caso subiría a clase de catro anos. En caso de quedar libre esta aula por falta de unha unidade de alumnado de infantil, pasaría a funcionar como aula de actividades e de apoio para educación infantil.

RESTO DE AULAS

Teñen un tamaño medio, aínda que cando un curso é numeroso fanse pequenas. Todas dispoñen de armarios con chave, librería, cortiza e colgadoiro, calefacción, ademais dos elementos imprescindibles. O estado de conservación do mobiliario pódese considerar aceptable, salvo as aulas do 1º ciclo da educación primaria, nas que as mesas dos alumnos son moi antigas e xa se solicitou a súa renovación hai dous anos.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O CPI Virxe da Saleta está situado nun entorno rural, onde a incidencia das novas tecnoloxías aínda é pouca, si se compara con outras comarcas máis cercanas ás

ciudades ou con zonas de rendas per cápita maiores. É especialmente importante, polo tanto, fomentar en maior grao o uso das novas tecnoloxías da información e da comunicación neste centro.

O alumnado de Infantil e Primaria do noso centro nace xa tendo acceso a novos equipos informáticos e ferramentas que fan que a súa motivación para aprender con estas tecnoloxías sexa moi superior á de xeracións anteriores.

O alumnado de Secundaria cursa materias directamente relacionadas coas TIC de carácter obrigatorio, como a Tecnoloxía, e optativas como a Informática que se oferta en 4º da ESO. Consideramos que é necesario fomentar o uso dos novos recursos dixitais en tódalas demais áreas que forman parte do currículo.

Para a configuración deste Plan TICS é preciso ter en conta a diversidade de niveis educativos que atopamos no Centro, a heteroxeneidade do alumnado existente -dadas as diferentes idades cronolóxicas e psicolóxicas- así como as características do contorno, e así, poder levar a cabo unha atención máis precisa e individualizada.

O Centro sitúase no concello de San Cristovo de Cea, municipio da provincia de Ourense. A este Centro asiste alumnado pertencente aos concellos de San Cristovo de Cea e Piñor. O C.P.I. Virxe da Saleta é un centro que imparte Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria dunha liña.

O pan, a agricultura e a gandería como complementos aos ingresos familiares ou como solución ao desemprego, leva nalgúns casos a que o alumnado teña que adicar parte do seu tempo libre ás tarefas do campo en detrimento das súas actividades educativas. Asemade, a emigración cara outras localidades produce a ruptura dalgúns familias, que deixan aos fillos e fillas ao cargo dos avós, tíos ou outros familiares nalgúns casos.

A creación deste novo marco regulador que será o noso Plan Dixital, resulta imprescindible para guiar o proceso de renovación e a implementación dixital do centro. O Cole pretende incluír as Tecnoloxías dixitais no día a día, utilizando as ferramentas libres para que o alumnado sexa capaz de xestionar de maneira eficiente o uso dos seus equipos.

O cambio lexislativo propiciado pola LOMLOE, incide aínda máis nos uso das tecnoloxías dixitais, obrigando, desde o currículo, a ofertar unha materia en realación as TICs en todos os cursos da ESO. Asimesmo, o proxecto competencial, materia espello da relixión, obrigará ao uso das tecnoloxías da infomación e a comunicación para o seu desenvolvemento.

Dentro dos contidos transversais, volvemos atopar o Plan Dixital, xunto ao plan lector e aos hábitos saudables, o que da mostras da importancia das TICs no quefacer docente.

Tamén o cambio a nivel competencial resalta a súa importancia ao ter que desenvolver a Competenci Dixital.

O Cole de Cea vai dando pasiños cara a dixitalización do centro, tanto a nivel de equipos, coma de formación do profesorado. A “pandemia” obrigou a un cambio de actitude cara a informática e ao teletraballo. Foi a partir desde terrible mes de marzo cando creamos a aula virtual e todo o mundo comenzou a súa andadura na mesma. 3 accións formativas consecutivas fixemos no curso 2021-22 para adquirir e actualizar saberes básicos sobre o manexo da aula virtual e as diferentes ferramentas dixitais docentes. Neste curso formamos o equipo para a elaboración do plan dixital, cos mesmo membro que o equipo TIC do centro. Tamén neste curso todo o profesorado e alumnado tivo que facer a enquisa SELFIE e o profesorar certificar a súa competencia a través do test CDD. Para o curso que ven pretendemos seguir co plan dixital, mellorar nos aspectos de formación e infraestructuras e aumentar o número de profesorado que use a aula virtual coma a ferramenta de traballo e comunicación co seu alumnado.

1.3. Breve xustificación do mesmo

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación, que falan do tratamento das TICs, a obrigatoriedade de crear unha estratexia dixital do centro.
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022, que fala da creación do plan Dixital do centro
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022 recolle En liña coas orientacións establecidas no Plan de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea e no marco do Plan de Acción de Educación Dixital (2021-2027), a Consellería de Cultura, Educación e Universidade (en diante, a consellería) persegue a transformación dixital dos centros educativos de Galicia como organizacións a fin de que sexan dixitalmente competentes nos procesos de ensino- aprendizaxe, de xestión e de relación o que require de un proceso de mellora das competencias dos membros da comunidade educativa que se deberá recoller un Plan Dixital do Centro como organización.
- A Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOMLOE) destaca, no seu preámbulo, a importancia da competencia dixital para reforzar a equidade e a capacidade inclusiva do sistema. En concreto a disposición adicional décima da LOMLOE establece que "conterá as medidas que garanticen a competencia dixital do alumnado e profesorado, reducindo no posible as brechas dixitais de acceso e uso, e as previsions para a revisión dos elementos do currículo e das programacións didácticas centradas nos aspectos máis competencias do currículo.

1.4. Proceso de elaboración

Ao inicio de curso, no claustro inicial, establecéronse os membros do equipo TIC. O Coordinador do equipo TIC é Valentín Castellano. Decidiuse que este equipo sería o encargado da elaboración do Plan Dixital, desta volta con David González coma coordinador.

Unha vez analizado o procedemento de elaboración do plan, cos diferentes pasos a seguir (elaboración enquisa SELFIE, test CDD, DAFO, Obxectivos do plan e creación do Documento final do plan), decidimos manter unha reunión semanal e reunións máis longas de maneira puntual.

Ademáis creouse unha liña no PFPP, un grupo de traballo onde estaban incluídos os membros do equipo TIC e outros do equipo directivo para a elaboración da estratexia dixital do centro.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O CPI Virxe da Saleta é un centro con certa idade, con xa máis de 50 anos de servizo e, aínda que fixéronse obras de mellora o curso pasado, que ten problemas asociados ao desgaste do tempo. Problemas de rede eléctrica, cableado antigo ou equipos obsoletos e reacondicionados son so algúns exemplos.

2.1.2. INFRAESTRUCTURAS:

O centro ten dúas vías de conexión á rede. Cableado, que o que se usa nas aulas de informática, na biblioteca e nas diferentes aulas e sen fíos que usa algún profesorado para o seu traballo docente.

A rede cableada presenta problemas de conectividade, que pode ser debido aos equipos obsoletos, e de organización da aula, pola cantidade de cables que hai que sortear pola disposición da aula. Esa mesma rede é a que se utiliza na sincronización coas impresoras

A rede sen fíos funciona perfectamente, pero con pouco uso, pois ao alumnado non pode acceder a ela xa que non ten clave de acceso á mesma.

As liñas telefónicas funcionan correctamente, sobre todo cos terminais novos.

2.1.2. EQUIPAMENTO

O centro dispón de 3 edificios
EDIFICIO DE INFANTIL

No edificio de infantil hai 3 aulas con pantalla dixital e a aula de AL que conta cun equipo informático. Tamén teñen unha impresora no segundo andar.

EDIFICIO DE PRIMARIA:

Neste edificio están as aulas de EP, a aula de inglés, a biblioteca, a sala de profesores, o comedor e os despachos directivos. Contan con 5 aulas dixitalizadas, e 1 con proxector e PC.

Os despachos teñen 3 PC e dous portátiles.

A biblioteca ten 4 PC na sala A para o uso do alumnado e un PC para o encargado da biblioteca e un portátil e un proxector na sala B

Na sala de profesores hai un único equipo PC con problemas de espazo.

EDIFICIO SECUNDARIA:

Neste edificio atopamos as dúas aulas de informática, 4 aulas de 1 a 4 ESO, os despachos de PT e Orientación, o laboratorio, a aula de música, a aula da plástica, dous departamentos para profesorado e o taller de tecnoloxía.

Aula informática 1:

Situada no primeiro andar do edificio de secundaria, é de uso exclusivo para primaria e infantil. Conta con 14 ordenadores máis o posto do profesor e PDI.

Aula Informática 2:

Situada no segundo andar do edificio de secundaria, é de uso exclusivo para o alumnado da ESO. Conta con 21 ordenadores máis o posto do profesor e PDI

As 4 clases e a de música contan con pizarra dixital.

O laboratorio e a aula de plástica teñen PC e proxector.

A aula de orientación ten un equipo informático

A Aula PT ten un PC.

Os departamentos contan cun PC e dous portátiles.

O taller de tecnoloxía ten proxector, 7 PC para o alumnado e 1 posto do profesor.

Asimesmo contamos con equipos que estanse a utilizar como son os 10 portátiles de préstamo da Consellería para o alumnado con dificultades para o acceso aos contidos dixitais, pero xa sen conexión a rede, porque rematou a concesión.

Tamén, a través do programa DIGICRAFT, dispoñemos de 11 portátiles.

2.1.2. SERVICIOS DIXITAIS

O centro dispón de páxina web para a información das familias, aula virtual para a xestión diaria do proceso educativo a partir de 2 EP, redes sociais (facebook, instagram e twitter) para darlle publicidade aos diferentes programas e actividades que estamos a desenvolver, servizos de reprodución de audio e vídeo (IVOOX, Youtube, Soundcloud) para os nosos podcasts, vídeos e a nosa radio (Radio Roxar), utilizamos Abalar e abalar móbil para a comunicación coas familias, abalarbox, aínda en fase

beta, para o almacenamento e xestión de documentación e estamos iniciándonos no uso de ageiro.

O mantemento dos equipos e da liña do centro corre a cargo da UAC, salvo naqueles casos que os equipos foran mercados pola nosa conta, ante o desabastecemento da propia Consellería. Neses casos, son os propios profesores os que, de maneira altruista, fan os diferentes arranxos.

O plan TICs do centro, xa bastante obsoleto é este: [preme](#)

En resumo, o centro conta con:

15 aulas dixitalizadas con PDI

4 aulas con PC e proxector

As clases dos especialistas con proxector e PC (tecnoloxía, laboratorio, plástica e PT)

4 PC de consulta para o alumnado na biblioteca e 2 ordenadores para préstamos

2 PC e 2 portátiles para as 3 salas de profesores.

35 ordenadores para o uso do alumnado nas aulas de informática

10 ordenadores de préstamo para usar en casa o alumando que non ten outros medios.

11 ordenadores do proxecto digicraft.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE: Na seguinte táboa aparece un **resumo das áreas** do informe SELFIE de cada etapa educativa.

Areas	Grupos	Ensinanzas	
		Primaria	ESO
A -Liderado	Equipo Direct.	3.3	3.3
	Profesorado	3.4	2.9,
	Alumnado		
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3.7	3.3
	Profesorado	3	3.2
	Alumnado	3.5	3.1
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3.3	2.4
	Profesorado	3	2.7
	Alumnado	3.3	2.8
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4	5
	Profesorado	3.5	3.5
	Alumnado		
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4.3	4.4
	Profesorado	3.7	4.3
	Alumnado		4.1
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	2.8	3.2
	Profesorado	3.1	3.6
	Alumnado	3.3.	3.2

G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2.6	2.2
	Profesorado	2.8	3
	Alumnado		3
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	2.9	3.4
	Profesorado	3.3	3.5
	Alumnado	3.8	3.7

Test CDD

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	<u>20</u>	<u>24</u>	<u>83,3%</u>
PROVISIONAL	<u>2</u>	<u>3</u>	<u>66,7%</u>
INTERINO	<u>2</u>	<u>3</u>	<u>66,7%</u>
SUBSTITUTO	<u>4</u>	<u>5</u>	<u>80%</u>
DESPRAZADO			

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<u>76,7</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>	<u>76,4</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	<u>89,7</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>	<u>79,2</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>
Inf.	<u>65</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>	<u>68,2</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>
Pri.	<u>72,3</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>	<u>77</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	<u>3</u>	<u>10,7%</u>
A2	<u>7</u>	<u>25%</u>
B1	<u>11</u>	<u>39,3%</u>
B2	<u>5</u>	<u>17,9%</u>
C1	<u>2</u>	<u>7,1%</u>
C2		
TOTAL	<u>28</u>	<u>100,00%</u>

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	C.1. Infraestrutura dixital respalda o proceso de ensino aprendizaxe C.2. Dispositivos dixitais para a miña labor docente C.3. Dispoñemos de acceso a internet para o proceso de ensino aprendizaxe e para os estudos C.8. Dispositivos dixitais para a aprendizaxe (primaria)	C.5. Asistencia técnica cando xurden problemas coas TD C7. Existencia de protección de datos no centro C.10. Dispositivos para o alumnado para levar a casa C.14 Espacios físicos con dispositivos dixitais C.8. Dispositivos dixitais para a aprendizaxe (secundaria)
	PERSONAL DOCENTE	B.2. Debátese sobre as vantaxes e desvantaxes das novas tecnoloxías D.1. Necesidades de DPC (debates sobre o ensino con TD) D.2.D.3. O profesorado ten acceso a PFPP relacionado coas TD e debate as posibilidades de formación coas TD E1. Busca recursos educativos e dixitais en internet E3. O profesorado utiliza contornos virtuais de aprendizaxe en línea E4. O profesorado utiliza TD para as comunicación de centro E5. O profesorado utiliza recursos educativos abertos E2. Creación de contidos dixitais (secundaria) E2. Creación de contidos dixitais (secundaria) E5. O profesorado utiliza recursos educativos abertos E4. O profesorado utiliza tecnoloxías dixitais para as comunicación de centro F4. Motivamos ao alumnado con tecnoloxías dixitais F9. Proxectos que implican diferentes materias (secundaria) F9. Proxectos que implican diferentes materias G.3 O profesorado usa tecnoloxía dixital para facilitar a retroalimentación	B.1. Avaliar os nosos progresos en materia de ensino e aprendizaxe con TC F.6.Fomento da participación en proxectos interdisciplinares usando TD. F.5. Uso da TD para facilitar a colaboración entre o alumnado E2. Creación de contidos dixitais (primaria) F1. O profesor usa tecnoloxías dixitais para adaptar o método de ensino para alumnado con NEEA F3. Uso de tecnoloxías para actividades creativas F.5 Uso da TD para facilitar a colaboración entre o alumnado F6. Traballo en grupo mediante tecnoloxías F9. Proxectos que implican diferentes materias (primaria) G.3 O profesorado usa tecnoloxía dixital para facilitar a retroalimentación G. 5 O profesorado e o alumnado de secundaria usa a tecnoloxía par mellorara súa aprendizaxe G.1 O profesorado usa tecnoloxías dixitais para avaliar habilidades G.7 O profesorado usa tecnoloxías dixitais para avaliar
	PERSONAL NON DOCENTE		Disposición limitada a dous días á semana do persoal administrativo.

	ALUMNADO	H1. No noso centro apréndese a actuar de forma segura en internet H2. O alumnado aprende a actuar de maneira responsable en internet H4. No noso centro apréndese a comprobar se a información é precisa e fiable H7. No noso centro o alumnado aprende a crear contidos dixitais H8. O alumnado aprende a comunicarse coas tecnoloxías dixitais H10. Utiliza tecnoloxía en diferentes materias	C.10. Dispositivos para o alumnado para levar a casa C.13. Traer propio dispositivo G.6 Usase a tecnoloxía para que os alumnos comenten o traballo dos seus compañeiros
	FAMILIAS	Facilidade e cercanía na comunicación coas familias	Moitas diferenzas nas competencias TICs e medios informáticos das familias, necesarias para o acompañamento do alumnado.
	OFERTA	A3. novas formas de ensino con TD	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	A.3 Existe apoio do equipo directivo para novas formas de ensino con tecnoloxías dixitais (TD)	A1.A2. Estratexia dixital (2.8) (xa sería o propio Plan Dixital)

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA		Falta de planificación a longo prazo na mellora das infraestruturas relacionadas coas TICs. Continuos cambios e subcontratación de servizos de instalación e mantemento da internet.
	LEXISLACIÓN	C.7 Existencia de protección de datos	Cambios continuos na lexislación educativa, en todos os ámbitos
	CONTORNA	Dinamización e promoción do rural, co obxectivo de mellora da conectividade en zonas illadas.	Falta de conectividade para as familias en moitos puntos da zona de influencia do centro
	ANPA	Colaboración coa ANPA na organización de xornadas divulgativas para familias sobre uso seguro de TICs	
	OUTRAS ENTIDADES	B.3. O centro utiliza as tecnoloxías dixitais para colaborar con outras organizacións Colaboración co concello que tende a dinamizar as comunicacións e promocionar o concello a través das TICs Colaboración mediante as redes con outros organismos (asociacións, persoeiros, profesionais) da contorna.	

3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.

Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

3.1.1. *Obxectivos relacionados coa formación*

- Obxectivo 1: Participar nun plan de **formación** do profesorado en **ferramentas dixitais** (GT) .
Analizar as necesidades do profesorado
Elaborar o Plan de formación e poñelo en práctica
- Obxectivo 8: **Formar ao equipo TIC** sobre a **maqueta abalar** (nivel avanzado) (GT)
- Obxectivo 10: Promover o **coñecemento do Plan E-Dixgal**
Trátase de probar a maqueta E-Dixgal e formar ao profesorado sobre esta posibilidade.
Debater as súas vantaxes e inconvenientes e decidir a súa posible implantación.
- Obxectivo 15: Promover o **coñecemento da Rede Educativa Dixital AGUEIRO**
Trátase de obter información sobre a Rede Aqueiro e formar ao profesorado sobre esta.
Debater as súas vantaxes e inconvenientes e decidir a seu posible uso.
- Obxectivo 14: Promover a **avaliación** (heteroavaliación, coavaliación e autoavaliación) a **través da Aula Virtual** (GT)

3.1.2. *Obxectivos relacionados coa comunicación, redes sociais e Aula Virtual*

- Obxectivo 4: Promover o **uso da Aula Virtual** (AV) do centro polo alumnado
Publicar actividades na Aula Virtual por parte do **profesorado**.
Orientar ao alumnado na realización das tarefas.
Guiar ao alumnado na creación de contidos dixitais e ademais, aprender a comunicarse de forma segura.
- Obxectivo 6: **Crear recursos dixitais** para empregar na práctica docente
Crear recursos dixitais adaptados ás necesidades educativas do alumnado utilizando as ferramentas dixitais

Guiar ao alumnado na realización das tarefas

- **Obxectivo 2:** Seleccionar e participar en **proxectos interdisciplinares** que utilicen ferramentas dixitais

Crear 3 proxectos interdisciplinares que impliquen **ferramentas dixitais**.

Obxectivo 5: Fomentar a implicación, colaboración e creatividade mediante **tarefas interdisciplinares** a través das tecnoloxías dixitais.

O obxectivo principal é que o **alumnado realice tarefas** e que **deseñe contidos** da Aula Virtual relacionados con proxectos interdisciplinares mencionados anteriormente.

- **Obxectivo 3:** Promover nas **familias o uso das ferramentas dixitais para a comunicación** co centro

Determinar as ferramentas de comunicación coas familias.

Difundir os posibles usos das ferramentas de comunicación para a comunidade educativa

- **Obxectivo 11:** Mellorar a **xestión da Aula Virtual** (GT)

Resolver as incidencias da Aula Virtual nun tempo máis reducido

- **Obxectivo 12:** Mellorar a **xestión da páxina web** do centro (GT).

A idea é crear un protocolo da xestión da páxina web, recoller o número de visitas, saber a súa valoración entre as familias...

- **Obxectivo 13:** Mellorar a **xestión**, manexo, educación e colaboración a través das **redes sociais** do centro (GT).

A idea é crear un protocolo da xestión das redes sociais, recoller o número de visitas, saber a súa valoración entre as familias...

3.1.3. **Obxectivos relacionados coa infraestrutura e funcionamento do centro**

- **Obxectivo 7:** **Reducir número e o tempo de resolución de incidencias** a resolver polo equipo TIC relacionadas co funcionamento do equipamento (GT).

Crear un horario de atención do equipo TICs (gardas TICs) para que poidan atender as incidencias.

Formar ao profesorado e o alumnado na resolución de incidencias máis habituais.

Elaboración **protocolos** para solucionar problemas de funcionamento.

- **Obxectivo 9:** **Migrar** os equipos informáticos do centro ao **software libre** (maqueta abalar)
- **Obxectivo 16:** **Mellorar a conectividade** (GT)

Entre outras medidas, a máis interesante sería **formar** ao **profesorado e o alumnado** na resolución de incidencias máis habituais (ao igual que o obxectivo 7)

Posibilidade de que o **alumnado** teña **conexión wifi** nos seus ordenadores.

Elaboración **protocolos** para solucionar problemas de conectividade.

- **Obxectivo 17:** Determinar as **necesidades de equipamento informático** do centro para a súa renovación e reciclaxe (GT)

Sondeo dos profesores, alumnado e familias sobre as súas necesidades.

Elaboración de un **plan para reciclar e renovar** os noso equipo informático

**GT: Grupo de Traballo. Nos obxectivos indicados, créanse grupos de traballo para levalos a cabo.*

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Como xa fomos avanzando nos puntos anteriores, o CPI Virxe da Saleta é un centro con certa idade nos seus equipos. Moitos datan do 2006 e non son capaces de soportar os sistemas operativos máis recentes. As aulas de informática están infrutilizadas pois sempre xurden problemas que non permiten o desenvolvemento normal da actividade, facendo que o profesorado decline esta posibilidade ao non ter as ferramentas dixitais suficientes para poder solucionar os problemas máis básicos, *ou non querer perder tempo neles. A conexión cableada e a situación dos diferentes equipos a partir dos protocolos COVID fai que resulte unha odieusea tentar axudar ao alumnado sen tocar ningún cable, nin desconectar ningún ordenador.*

O equipo TIC temos a firme determinación de facer do noso cole un centro que use as ferramentas dixitais de maneira correcta e eficiente. Para iso necesitamos a axuda da Consellería nos distintos apartados.

3.2.1. INFRAESTRUCTURAS TECNOLÓXICAS

Precisamos mellorar a disposición das aulas de informática para poder movernos entre os equipos e poder axudar ao alumnado. A solución pode ser, ou crear contas de usuario para a rede da Xunta, ou un único usuario xenérico para todos para non ter que depender da conexión cableada.

3.2.2. EQUIPAMENTO

En canto ao equipamento precisamos:

- Ordenadores ultraportátiles que poidamos mover polas diferentes aulas (3-4 carros de 15-20 ordenadores). O fin é non ter que desplazarse a aual de informática cada vez que haxa que utilizar a aula virtual ou plantexar calquera actividade dixital interactiva (no noso centro está prohibido o uso

de móbiles por parte do alumnado). 4 carros, un para cada andar dos dous edificios

